



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de promoción interna.

Categoría: Redactor/a

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Consonte co disposto no artigo 2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Aplícase só no ámbito laboral e do emprego público das Administracións Públicas.
- b) Garante a prevalencia do réxime xurídico que mellor protexa a discriminación das mulleres.
- c) É un principio informador do ordenamento xurídico autonómico e debe ser integrado na interpretación e aplicación das normas.
- d) Con carácter excepcional permite que se establezan diferencias de trato entre mulleres e homes se estas son xustificadas por unha lei orgánica.

2.- Consonte co disposto no artigo 3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, na adopción e execución das políticas encamiñadas a eliminar todo tipo de discriminacións contra as mulleres, terán en consideración o traballo realizado pola Comisión de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres:

- a) Do Parlamento de Galicia.
- b) Da Xunta de Galicia.
- c) Do Congreso dos Deputados.
- d) Da Consellería de Política Social e Igualdade.

3.- Consonte co disposto no artigo 4 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puider ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación comparable denomínase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Práctica neutra.

4.- Consonte co disposto no artigo 5 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a diferenza de trato en base a unha característica relacionada co sexo dunha persoa cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito sexa proporcionado, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Non constitúe discriminación por razón de sexo.

5.- Consonte co disposto no artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se cree un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, considérase:

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Acoso sexual.
- c) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- d) Acoso por razón de sexo.

6.- Consonte co disposto no artigo 10 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, aquela discriminación que se funda, por parte do suxeito discriminador, nunha apreciación incorrecta do embarazo, a maternidade, as obrigas familiares ou o estado civil da persoa vítima denomínase:

- a) Discriminación por maternidade e por paternidade.
- b) Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación sexista por erro.
- d) Discriminación sexista por asociación.

7.- Consonte co disposto no artigo 9 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, aquela discriminación sufrida por unha persoa por razón do sexo, o embarazo, o parto ou a maternidade, da asunción de obrigacións familiares ou do estado civil doutra coa que estivera relacionada denomínase:

- a) Discriminación sexista por asociación.
- b) Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación por maternidade e por paternidade.
- d) Discriminación sexista por erro.

8.- Consonte co disposto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia pola Xunta de Galicia acompañaranse dun informe sobre o seu impacto de xénero que será elaborado por:

- a) O Valedor do Pobo.
- b) O Consello de Contas.
- c) O órgano competente en materia de igualdade entre mulleres e homes.
- d) A Escola Galega de Administración Pública.

9.- Consonte co disposto no artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino considérase:

- a) Uso non sexista da linguaxe.
- b) Discriminación indirecta.
- c) Concepto de xénero.
- d) Uso sexista da linguaxe.

10.-. Que elementos forman parte da linguaxe radiofónica?

- a) Voz, raccord, ritmo, contexto e silencio.
- b) Voz, minutado, guión, ruído e intensidade.
- c) Voz, tecnoloxía, efectos sonoros, ritmo e variación.
- d) Voz, música, efectos sonoros, ruído e silencio.

11.- Que elementos forman parte da linguaxe televisiva?

- a) Imaxe, voz, texto, son, música e infografía.
- b) Imaxe, voz, texto, música, escaleta e decorados.
- c) Imaxe, voz, texto, música, minutado e cámaras.
- d) Imaxe, voz, texto, decorados, conexión en directo e plató.

12.- Indique as principais modalidades temporais que poden existir nun relato informativo

- a) Directo, diferido, tempo descontado e tempo ficticio.
- b) Directo, diferido, tempo real e tempo ficticio.
- c) Directo, diferido, tempo engadido e tempo ficticio.
- d) Directo, diferido, tempo necesario e tempo ficticio.

13.- Cal é o valor do Primeiro Plano nun relato sonoro xornalístico?

- a) Protagonismo informativo.
- b) Reforzo narrativo.
- c) Indica o final do relato.
- d) Crea ritmo.

14.- Que plano dos que se indican a continuación ten un valor máis contextualizador?

- a) Primeiro Plano.
- b) Plano Americano.
- c) Plano Detalle.
- d) Plano Xeral.

15.- Para que se utiliza a pantalla partida?

- a) Para mostrar dúas (ou varias) realidades ou elementos de xeito simultáneo.
- b) Só para conexións en directo.
- c) Só para entrevistas.
- d) Só para tertulias.

16.- Que característica ten o narrador obxectivo?

- a) É o que fala máis alto.
- b) É o que introduce ou pecha o relato.
- c) É o que se contempla directamente na pantalla.
- d) É o que aparece máis veces no relato.

17.- Cal é a característica que identifica o son obxectivo?

- a) Contémplase na pantalla a fonte sonora da que procede.
- b) Funciona só como ambientación sonora.
- c) Está asociado a personaxes secundarios.
- d) Aparece só ao principio do relato.

18. Cal é a función do raccord?

- a) Identifica os personaxes.
- b) Caracteriza as unidades narrativas.
- c) Reforza a expresividade do relato.
- d) Relaciona os elementos que integran o discurso e establece unha transición narrativa coherente.

19.- Como se denomina a orde na que se sitúan na escaleta (ou no minutado) as noticias que integran un informativo?

- a) Xerarquización.
- b) Valoración.
- c) Indicación.
- d) Referencia.

20.- Que rexistro lle corresponde ao relato que elabora o xornalista nunha noticia?

- a) Tremendista.
- b) Informativo.
- c) Humanizante.
- d) Reflexivo.

21.- Cal é o organigrama correcto que regula as distintas fases de traballo do proceso informativo nunha redacción de radio ou de televisión?

- a) A dirección de informativos, o departamento de produción, a redacción e a presentación-emisión.
- b) A dirección de informativos, promoción da emisora, a redacción e a presentación-emisión.
- c) A dirección de informativos, departamento de asuntos económicos, a redacción e a presentación-emisión.
- d) A dirección de informativos, departamento de imaxe corporativa, a redacción e a presentación-emisión.

22.- Cales son os elementos que forman parte dun minutado ou dunha escaleta?

- a) Relación de todas as noticias que se van emitir, incluíndo só o tempo das noticias con entrevista.
- b) Relación de todas as noticias que se van emitir, incluíndo só o tempo das retransmisións en directo.
- c) Relación de todas as noticias que se van emitir, incluíndo só o tempo da primeira noticia de cada sección.
- d) Relación de todas as noticias que se van emitir, tempo total de cada noticia e tempo acumulado de todas as noticias.

23.- Cales son os elementos principais dun informativo principal de noticias?

- a) Sintonía, tema do día, titulares e desenvolvemento das noticias de cada sección.
- b) Sintonía, tema do día, concurso e desenvolvemento das noticias de cada sección.
- c) Sintonía, tema do día, espazo de humor e desenvolvemento das noticias de cada sección.
- d) Sintonía, tema do día, consultorio médico e desenvolvemento das noticias de cada sección.

24.- Que fases forman parte do proceso informativo?

- a) Feitos, recollida de datos, preparación das entrevistas e ensaio xeral.
- b) Feitos, recollida de datos, consulta de fontes e elaboración da información (redacción das noticias).
- c) Feitos, recollida de datos, probas de son e preparación das reportaxes.
- d) Feitos, recollida de datos, preparación das reportaxes e ensaio xeral.

25.- Cales son os tipos de entrevista, segundo a forma de emisión?

- a) En directo, en diferido e económica.
- b) En directo, en diferido e en profundidade.
- c) En directo, en diferido e de carácter.
- d) En directo, en diferido íntegra e en diferido editada.

26.- Que características ten unha noticia con foco múltiple?

- a) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están ubicados en varios lugares.
- b) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están ubicados no estranxeiro.
- c) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están ubicados na mesma comunidade.
- d) É aquela na que diferentes feitos referidos a un mesmo acontecemento informativo están ubicados en zonas urbanas.

27.- Que características ten unha noticia de suxeito múltiple?

- a) É un acontecemento que ten tres ou máis protagonistas.
- b) É un acontecemento que dura varios días.
- c) É un acontecemento que repercute en varios países.
- d) É un acontecemento que se desenvolve en varias fases.

28.- Que características ten unha noticia con declaracións?

- a) É a que inclúe insertos con declaración dos protagonistas dos feitos, das testemuñas ou dos expertos.
- b) É unha noticia na que só poden falar os protagonistas dos feitos.
- c) É unha noticia na que só poden falar as testemuñas dos feitos.
- d) É unha noticia na que só poden falar os expertos.

29.- Cales son os diferentes estilos redaccionais que poden existir nun relato xornalístico?

- a) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo crítico, estilo tremendista, estilo humanizante e estilo das retransmisións en directo.
- b) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo adaptado, estilo tremendista, estilo humanizante e estilo das retransmisións en directo.
- c) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo crítico, estilo antigo, estilo humanizante e estilo das retransmisións en directo.
- d) Expositivo ou neutro, redacción metafórica, estilo crítico, estilo tremendista, estilo novidoso e estilo das retransmisións en directo.

30.- Indique as variantes de raccord que se utilizan nos informativos:

- a) Raccord de contido, formal, de relación e absoluto.
- b) Raccord de contido, formal, de relación e de contraste.
- c) Raccord de contido, formal, de relación e ocasional.
- d) Raccord de contido, formal, de relación e permanente.

31.- Cales son as principais funcións que teñen as fontes informativas?

- a) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade á noticia e serven para diferenciar o relato dos feitos da opinión dos protagonistas, das testemuñas ou dos expertos.
- b) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade ao relato e serven para diferenciar as partes da noticia.
- c) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade ao relato e serven para diferenciar a natureza dos feitos.
- d) Facilitan os datos necesarios para elaborar a información, confirman as afirmacións do xornalista, dan credibilidade ao relato e serven para identificar o grao de caducidade da noticia.

32.- Cales son os principais tipos de fontes informativas que pode haber nunha noticia?

- a) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, actuais e de arquivo.
- b) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, atenuantes e de arquivo.
- c) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, relativas e de arquivo.
- d) Directas ou primarias, indirectas ou secundarias, institucionais ou públicas, privadas, lexítimas, ilexítimas, funcionais e de arquivo.

33.- Cales son as principais clases de informativos radiofónicos que existen nunha emisora xeneralista?

- a) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. O informativo matinal e o informativo nocturno. Os informativos monográficos ou especiais.
- b) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. A noticia política. Os informativos monográficos ou especiais.
- c) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. A noticia institucional. Os informativos monográficos ou especiais.
- d) O boletín informativo horario. O informativo principal de mediodía. A noticia breve. Os informativos monográficos ou especiais.

34.- Cal é a definición correcta de magazín xeneralista?

- a) O magazín é un programa de contidos variados, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a un público heteroxéneo.
- b) O magazín é un programa de contidos variados, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a persoas que teñen moito tempo libre.
- c) O magazín é un programa de contidos variados, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a un público de idade mediana.
- d) O magazín é un programa de contidos específicos, que tamén inclúe actualidade e que está dirixido a un público que habita no rural.

35.- Cales son os principais tipos de guión?

- a) Guión absoluto, guión indicativo e guión mixto.
- b) Guión absoluto, guión indicativo e guión relativo.
- c) Guión absoluto, guión indicativo e guión decisivo.
- d) Guión absoluto, guión indicativo e guión avanzado.

36.- Cales son os diferentes tipos de xéneros xornalísticos?

- a) Informativos, interpretativos, de opinión e de análise.
- b) Informativos, interpretativos, de opinión e de autoría.
- c) Informativos, interpretativos, de análise e de rigor.
- d) Informativos, de opinión, de análise e de referencia.

37.- Cal é unha característica clave do xornalismo multimedia?

- a) Uso exclusivo de texto escrito.
- b) Integración de diferentes linguaxes (texto, audio, vídeo, gráficos).
- c) Publicación só en papel.
- d) Eliminación da narrativa.

38.- Cal dos seguintes formatos é máis interactivo para o usuario?

- a) Noticia impresa.
- b) Podcast lineal.
- c) Infografía interactiva.
- d) Editorial.

39.- Que é o "storytelling transmedia"?

- a) Contar unha historia nun só formato.
- b) Repetir o mesmo contido en diferentes plataformas.
- c) Narrar unha historia a través de múltiples plataformas, adaptando o contido a cada unha delas.
- d) Usar unicamente vídeo para informar.

40.- Que son os "newsgames" no xornalismo multimedia?

- a) Videoxogos creados unicamente para entretemento sen contido informativo.
- b) Aplicacións de redes sociais para compartir noticias.
- c) Videoxogos ou experiencias interactivas que explican ou analizan feitos informativos.
- d) Programas de televisión baseados en xogos.

41.- Cales son as características do "webdoc" (documental web) no xornalismo dixital?

- a) É un documental lineal pensado só para televisión.
- b) Combina diferentes formatos dixitais e permite unha navegación interactiva por parte do usuario.
- c) Limitácese a texto e fotografías sen elementos audiovisuais.
- d) É un formato exclusivo das redes sociais.

42.- Cando chegaron as primeiras presentacións de gráficos en televisión?

- a) Chegaron xa coa dixitalización das imaxes.
- b) Eran gravacións de papeis ou cartóns co gráfico impreso.
- c) Son consecuencia da expansión dos Datos Abertos.
- d) Introdúcense co uso da Realidade Aumentada.

43.- Cal das seguintes opcións NON é unha característica dos Datos Abertos?

- a) Dispoñibilidade e acceso.
- b) Reutilización e redistribución.
- c) Valor comercial.
- d) Participación universal.

44.- Cales son os fundamentos na organización da produción en televisión?

- a) A acción, o punto de vista da cámara e as limitacións.
- b) O guión técnico.
- c) Os contratos artísticos e técnicos.
- d) As esixencias do director ou do realizador.

45.- Como se denomina a representación ilustrada do guión mediante viñetas que representa o contido visual de cada plano?

- a) Storyboard ou guión gráfico.
- b) Escaleta.
- c) Plano secuencia.
- d) Mapa de rodaxe.

46.- Cal é a función principal do produtor executivo nun proxecto audiovisual?

- a) Dirixir os actores durante a rodaxe.
- b) Coordinar orzamentos, gravación, edición e postprodución.
- c) Redactar o guión literario.
- d) Achegar ou conseguir o capital, e organizar e controlar o proxecto.

47.- Que diferenza fundamental existe entre a produción propia e a produción externa (tamén chamada delegada)?

- a) A produción propia ródase sempre en estudo e a externa en exteriores.
- b) A produción propia é realizada directamente pola canle ou empresa, mentres que a produción externa é encargada a produtoras independentes.
- c) A produción propia ten un orzamento maior.
- d) A produción externa non require dun guión.

48.- Cal das seguintes actividades non corresponde á fase de preprodución?

- a) A montaxe e edición do material gravado.
- b) A elaboración do plan de traballo e o calendario.
- c) A selección de localizacións e a tramitación de permisos.
- d) A realización do casting e a contratación do equipo.

49.- En que fase se realiza o peche da produción e se xestiona a difusión da obra a través de festivais, televisións e novas plataformas?

- a) Preprodución.
- b) Produción.
- c) Distribución.
- d) Procura de financiamento.

50.- Que normas recolle o libro de estilo dun medio de comunicación sobre os programas informativos?

- a) O conxunto de normas estéticas e redaccionais, e as indicacións técnicas que lle dan coherencia ao programa e que definen as características do espazo informativo.
- b) O conxunto de normas estéticas e redaccionais, e tamén a relación dos temas que está previsto tratar durante todo o ano.
- c) O conxunto de normas estéticas e redaccionais, e tamén a relación de temas que non lle interesa tratar á emisora.
- d) O conxunto de normas estéticas e redaccionais, e tamén indicacións sobre como loitar contra os outros medios que se consideran competencia.

51.- Que diferenza ao guión literario do guión técnico?

- a) O guión literario é máis longo e detallado que o técnico.
- b) O guión literario só se usa en cine e o técnico en televisión.
- c) O guión literario narra a historia e os diálogos, mentres que o guión técnico especifica os aspectos técnicos de gravación.
- d) Non existe diferenza, son sinónimos.

52.- Segundo a teoría de xestión de proxectos aplicada ao audiovisual, cales son as tres variables principais que debe equilibrar un produtor?

- a) Idea, guión e público.
- b) Tempo, custo e calidade.
- c) Cámara, son e edición.
- d) Director, equipo e actores.

53.- En que consiste o modelo de coprodución?

- a) Unha única produtora realiza todo o proxecto en solitario.
- b) Varias empresas ou entidades asóciáanse para producir conxuntamente un proxecto, compartindo riscos e beneficios.
- c) Externalízase un ou varios dos elementos da produción.
- d) O produtor executivo traballa de forma colaborativa.

54.- Que tipo de personalidade xurídica se considera a máis democrática na toma de decisións?

- a) Cooperativa.
- b) Sociedade Limitada.
- c) Sociedade Anónima.
- d) Sociedade Laboral.

55.- Que vía de financiación dos medios públicos se adoita considerar que lles outorga maiores niveis de independencia?

- a) A publicidade.
- b) O canon.
- c) A subvención estatal.
- d) O crowdfunding.

56.- Como se denomina o fenómeno caracterizado pola obtención de resultados relevantes e non relevantes, recuperando máis información da desexada?

- a) Anomalía documental.
- b) Simetría documental.
- c) Silencio documental.
- d) Ruído documental.

57.- Cal é a característica definitoria dunha base de datos?

- a) Está constituída por información estruturada en rexistros e campos.
- b) Recompila datos cuantitativos.
- c) Ordena os contidos e indica a localización dos termos principais.
- d) Permite o acceso en remoto aos documentos almacenados.

58.- Que tipo de fonte documental é unha noticia publicada nun xornal?

- a) Primaria, é un documento de carácter orixinal sen proceso de transformación ou cambio.
- b) Secundaria, resulta da análise e do tratamento de documentos primarios.
- c) Terciaria, é unha ferramenta de análise documental.
- d) Cuaternaria, resulta da revisión de literatura sistematizada.

59.- Cal das seguintes definicións corresponde a un tesouro?

- a) Un conxunto limitado de termos normalizados (descriutores) aplicado nun ámbito para indizar, buscar, ordenar e relacionar documentos.
- b) Un sistema artificial de signos normalizados que facilita a representación do contido dos documentos.
- c) Un sistema que indica a autoridade da fonte documental para identificar o seu valor histórico.
- d) Un conxunto de códigos alfanuméricos que representa a localización dos documentos.

60.- Cales son as áreas de especialización xornalística nas que se estrutura a redacción informativa dunha radio ou dunha televisión?

- a) Nacional, internacional, política, economía, sociedade e deportes.
- b) Nacional, internacional, política, economía, sociedade e variedades.
- c) Nacional, internacional, política, economía, sociedade e crítica.
- d) Nacional, internacional, política, economía, sociedade e balance.

61.- Cal é o poder sancionador da Comisión de Arbitraje, Queixas e Deontoloxía do Xornalismo?

- a) Constitúese como un órgano sancionador de autocontrol deontolóxico externo da profesión xornalística que non supón alternativa complementaria á regulación xurídica.
- b) Non ten ningún poder sancionador, senón que a súa autoridade moral vén outorgada polas organizacións profesionais e os xornalistas adheridos a ela e supón unha alternativa complementaria á regulación xurídica.
- c) Ten como obxectivo fomentar o xornalismo ético desde a autorregulación independente e responsable a través das sancións que aplica.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

62.- Con respecto á ética das publicacións científicas, cal das seguintes opcións corresponde ao comité que garante a integridade ética e moral das publicacións?

- a) SER.
- b) COPE.
- c) Onda Cero.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

63.- Segundo o Protocolo de Comunicación da Xustiza, para que a comunicación sexa máis rápida, as Oficinas de Comunicación poderán habilitar grupos de WhatsApp?

- a) Si, garantindo sempre que a información lles chega a todos no mesmo momento.
- b) Non.
- c) Só en situacións de comunicación de crise.
- d) Si, pero só cos medios nativos dixitais.

64.- A situación xerada pola colisión entre as competencias de decisión que ten unha persoa e os seus intereses privados, o que podería afectar á obxectividade e á imparcialidade da decisión tomada, coñécese como...

- a) ORCID.
- b) Conflito de intereses.
- c) Compromiso de revisión.
- d) Sistema *peer review* en dobre cego.

65.- Con respecto ao tratamento informativo do suicidio...

- a) O 'efecto Werther' consiste en que informar de xeito responsable sobre esta realidade ten un efecto preventivo sobre a conduta suicida e está asociado a un descenso nas taxas de suicidio, mentres que informar de forma irresponsable pode chegar a producir o 'efecto Papageno', o que favorecería o aumento de condutas suicidas.
- b) O 'efecto Papageno' consiste en que informar de xeito responsable sobre esta realidade ten un efecto preventivo sobre a conduta suicida e está asociado a un descenso nas taxas de suicidio, mentres que informar de forma irresponsable pode chegar a producir o 'efecto Werther', o que favorecería o aumento de condutas suicidas.
- c) Debe apostarse polo 'efecto Werther' e incluír en todas as informacións o teléfono 024.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

66.- Segundo a "Guía de estilo sobre saúde mental para medios de comunicación: las palabras sí importan" da Confederación SALUD MENTAL ESPAÑA, cal dos seguintes rótulos responde a un tratamento informativo adecuado da saúde mental?

- a) A muller estaba ingresada nun manicomio.
- b) A muller estaba recluída nun psiquiátrico nas proximidades de Ourense.
- c) A muller estaba recluída nun centro de saúde mental.
- d) A muller estaba ingresada nun centro de saúde mental nas proximidades de Ourense.

67.- O Código Deontolóxico Europeo da Profesión Periodística (Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, 1993) indica que no exercicio do xornalismo, as informacións e opinións deben respectar a presunción de inocencia, principalmente nos temas que permanecen *sub judice*. Que significa que un tema está *sub judice*?

- a) Que está pendente de resolución xudicial.
- b) Que orixinou un xuízo mediático antes de haber sentenza firme.
- c) Que orixinou un xuízo paralelo antes de haber sentenza firme.
- d) Que está pendente de resolución xudicial porque o caso afecta a menores ou vítimas de violencia de xénero.

68.- Cal é a característica principal dunha investigación cuantitativa?

- a) Recollida e análise de datos numéricos.
- b) Recollida de mostras contrastadas.
- c) Análise de resultados extrapolables.
- d) Comparación de mostras representativas.

69.- Cal é a característica principal dunha investigación cualitativa?

- a) Observación e análise dun tema en profundidade.
- b) Deseño de obxectivos.
- c) Formulación de esquemas para estruturar un tema.
- d) Estudo de temas complexos.

70.- Cal dos seguintes xéneros NON é dialogal?

- a) Entrevista.
- b) Tertulia.
- c) Debate.
- d) Columna de opinión.

71.- Cal é a característica principal dun debate?

- a) Hai dúas posturas diferentes sobre un mesmo tema.
- b) Só trata temas de actualidade.
- c) Só trata temas políticos.
- d) Só trata temas conflitivos.

72.- Cal é o medidor oficial da audiencia en televisión en España?

- a) Nielsen.
- b) Comscore.
- c) Kantar Media.
- d) Barlovento.

73.- Segundo o artigo 2.1 da Carta da Nacións Unidas, a Organización baséase no principio de:

- a) Supremacía militar dos Estados máis poderosos.
- b) Igualdade soberana de todos os seus membros.
- c) Intervención obrigatoria en asuntos internos.
- d) Dependencia económica entre Estados.

74.- Que axencia da ONU, creada como organismo especializado, ten como obxectivo promover a educación, a ciencia e a cultura para contribuír á paz e á seguridade internacionais?

- a) OMS.
- b) FAO.
- c) UNESCO.
- d) OIT.

75.- Segundo o artigo 2.4 da Carta das Nacións Unidas, os Estados membros:

- a) Poden usar a forza libremente contra a integridade territorial ou a independencia política de calquera Estado.
- b) Absteranse de recorrer á ameaza ou ao uso da forza contra a integridade territorial ou a independencia política de calquera Estado.
- c) Deben usar a forza en conflitos económicos.
- d) Só poden usar a forza dentro do seu territorio.

76.- Que documento internacional establece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)?

- a) A Carta das Nacións Unidas.
- b) O Acordo de París.
- c) A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.
- d) A Declaración Universal de Dereitos Humanos.

77.- Segundo o artigo 1 do Tratado do Atlántico Norte (1949), os Estados parte comprométense a:

- a) Resolver as súas controversias internacionais por medios militares.
- b) Recorrer ao emprego da forza ante calquera controversia internacional.
- c) Absterse nas súas relacións internacionais de recorrer á ameaza ou ao emprego da forza.
- d) Respectar a soberanía popular dos estados membros.

78.- Segundo o artigo 5 do Tratado da OTAN, un ataque armado contra un ou varios dos Estados membros, que teña lugar en Europa ou en América do Norte, será considerado como:

- a) Un conflito interno do Estado atacado.
- b) Un asunto que debe resolver a ONU exclusivamente.
- c) Un ataque contra todos eles.
- d) Un acto de guerra individual sen obriga de resposta colectiva.

79.- O artigo 14.3 do Tratado da Unión Europea (TUE) establece que os deputados son elixidos por sufraxio universal directo para un mandato dunha duración de:

- a) 3 anos.
- b) 4 anos.
- c) 5 anos.
- d) 6 anos.

80.- Que institución elixirá á persoa candidata a Presidente da Comisión Europea?

- a) O Consello da Unión Europea.
- b) O Parlamento Europeo.
- c) O Consello Europeo.
- d) A Comisión saínte.

81.- Consonte co disposto no artigo 15.2 do Tratado da Unión Europea (TUE), por quen está formado o Consello Europeo?

- a) Os ministros de Asuntos Exteriores de cada Estado membro.
- b) Un Secretario de Estado de cada Estado membro.
- c) Os Xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, así como polo seu Presidente e o Presidente da Comisión Europea.
- d) Os Xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, exclusivamente.

82.- A Constitución Española de 1978 establece que o Congreso dos Deputados componse dun mínimo de:

- a) 300 deputados.
- b) 400 deputados.
- c) 500 deputados.
- d) 600 deputados.

83.- En España, cantos senadores se elixen por cada provincia peninsular?

- a) 2 senadores.
- b) 3 senadores.
- c) Depende da poboación de cada provincia.
- d) 4 senadores.

84.- Segundo a Constitución Española, a designación do Defensor do Pobo é competencia:

- a) Do Presidente do Senado.
- b) Das Cortes Xerais.
- c) Do Rei como Xefe do Estado.
- d) Do Consello de Ministros.

85.- Segundo a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, a designación dos Senadores representantes da Comunidade Autónoma galega para cada legislatura das Cortes Xerais é unha función do:

- a) Consello da Xunta de Galicia.
- b) Parlamento de Galicia.
- c) Presidente da Xunta de Galicia.
- d) Valedor do Pobo.

86.- Consonte co artigo 98.1 da Constitución Española de 1978, o Goberno componse:

- a) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Secretarios de Estado.
- b) Do Presidente, dos Vicepresidentes no seu caso, dos Ministros e dos demais membros que estableza a lei.
- c) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Directores Xerais dos Ministerios.
- d) Do Presidente, dos Vicepresidentes e dos Secretarios Xerais Técnicos de cada Ministerio.

87.- De acordo coa Constitución Española de 1978, a quen lle corresponde sancionar e promulgar as leis:

- a) Ao Presidente do Goberno.
- b) Ao Vicepresidente competente.
- c) Ao Rei.
- d) A cada Ministerio.

88.- O artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia fixa un número de deputados do Parlamento de Galicia entre:

- a) Sesenta e oitenta.
- b) Setenta e oitenta.
- c) Sesenta e setenta.
- d) Sesenta e noventa.

89.- Consonte co Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen lle corresponde controlar a acción executiva da Xunta de Galicia?:

- a) Ao Tribunal Supremo.
- b) Ao Consello de la Xunta.
- c) Ao Parlamento de Galicia.
- d) Aos xuíces e fiscais.

90.- Consonte co Estatuto de Autonomía de Galicia, quen ostenta a representación da Comunidade Autónoma de Galicia e a ordinaria do Estado en Galicia?:

- a) O Presidente da Xunta.
- b) O Consello da Xunta.
- c) O Parlamento de Galicia.
- d) O Valedor do Pobo.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Consonte co disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, NON se consideran susceptibles de encontrarse en situacións de discriminación múltiple as:

- a) Mulleres con discapacidade.
- b) Mulleres lesbianas, bisexuais e trans.
- c) Mulleres de etnias maioritarias.
- d) Mulleres migrantes.

R2.- Que factores inflúen na lectura da imaxe?

- a) Formación do espectador, características da imaxe, tempo de permanencia en pantalla, número de elementos que contén o plano e os elementos que favorecen o contraste.
- b) Formación do espectador, factores xeográficos, tempo de permanencia en pantalla, número de elementos que contén o plano e os elementos que favorecen o contraste.
- c) Formación do espectador, características da imaxe, número de elementos que contén o plano e os elementos que favorecen o contraste, idade da persoa que fai a filmación.
- d) Formación do espectador, características da imaxe, tempo de permanencia en pantalla, número de elementos que contén o plano e a sección na que se ubican as imaxes.

R3.- En que artigo da Constitución española se recolle o dereito á información?

- a) Artigo 18.
- b) Artigo 20.
- c) Artigo 24.
- d) Artigo 30.

R4.- Consonte co Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen lle corresponde cesar aos Conselleiros da Xunta de Galicia?:

- a) Ao Consello da Xunta.
- b) Ao Parlamento de Galicia.
- c) Ao Valedor do Pobo.
- d) Ao Presidente da Xunta.